

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e dous de decembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce

horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 15 de decembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Pallón S.C.

ANTECEDENTES

1. Manuel Mejjide Otero S.L., co CIF núm. [REDACTED], na representación que ostenta no presente expediente da

sociedade GANDEIRÍA PALLÓN S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, solicitou con data 26 de decembro de 2024 (RE-E núm. 767) licenza municipal de obras para INSTALACIÓN DE REDE DE BAIXA TENSIÓN AÉREA PARA SUBMINISTRO ELÉCTRICO DE GRANXA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 6 de marzo de 2006 e está integrada na actualidade por Don Julio Vázquez Diéguez (DNI núm. [REDACTED]), Dona Beatriz López Faílde (DNI núm. [REDACTED]) e Don Daniel Vázquez López (DNI núm. [REDACTED]). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 24 de marzo de 2007 ante o notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego (protocolo núm. [REDACTED]); modificada por escritura pública de data 23 de febreiro de 2017 ante a notaria de Lalín Dona María Teresa Sancho Sánchez (protocolo núm. [REDACTED]).
3. Achégase proxecto técnico, visado polo colexio correspondente ([REDACTED], do 03/02/25), redactado polo enxeñeiro técnico forestal Don José Jorge Signo Villaverde.
4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de un (1) ano.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei

- 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” e “*solo de núcleo rural*” polo PXOM en vigor.
 4. Proxectase a Instalación dunha liña aérea en condutor RZ-0.6/11KV-3X150/80AL sobre apoios de formigón, para dotar de enerxía eléctrica a unha granxa. A liña de LBTA proxectada parte dun apoio existente HV-250/9, que será substituído por un apoio HV-630/11. Trátase dunha extensión de condutor RZ-3x150/80 de 396m tensado de lonxitude sobre 12 apoios de formigón e 14m de condutor RZ-3x50/54, 6 posados sobre o último apoio final de liña.
 5. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de TRECE MIL CENTO SETENTA E TRES EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (13.173,44 €).
 6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 7. As instalacións e infraestruturas de transporte de enerxía que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 8. A referencia catastral da parcela onde se sitúa o subministro é a seguinte: 36047A022003700000PE
 9. A actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental dado que as liñas eléctricas cunha tensión inferior a 1 kV están exentas de dito trámite, segundo informe de resposta á consulta formulada emitido pola Dirección

- Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade en data 30/10/25 (Clave [REDACTED]).
10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
 11. A xefa do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 19/03/25, informa de xeito favorable o proxecto (expediente núm. [REDACTED]).
 12. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 13. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 14. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 15. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA PALLÓN S.C. licenza municipal de obras para INSTALACIÓN DE REDE DE BAIXA TENSIÓN AÉREA PARA SUBMINISTRO ELÉCTRICO DE GRANXA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, con estrita suxeición ao proxecto técnico, visado polo colexio correspondente ([REDACTED], do 03/02/25), redactado polo enxeñeiro técnico forestal Don José Jorge Signo Villaverde, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (263,46 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de SESENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (65,86 €).

(Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Sra. Vázquez López).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— Cangado S.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 18 de decembro do corrente (RE núm. 2158), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	NEMESIO EMILIO CANGADO REY
DNI	██████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	CANGADO S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LALÍN
REPRESENTANTE	ANTONIO CANGADO REY
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	VENDA POLO MIÚDO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN
LUGAR	A GAIOLA
PARROQUIA	RODEIRO
REFERENCIA CATASTRAL DO INMOBLE	36047A094060060001AO
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	NON CONSTA
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (LICENZA DE ACTIVIDADE CONCEDIDA POR ACORDO DA COMISIÓN MUNICIPAL PERMANENTE DE DATA 3 DE MARZO DE 1982)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da

comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA UN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PROMOVIDO CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE DOZÓN E AGOLADA

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25/11/25); e a conveniencia de solicitar dita subvención para un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente con dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza á súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Preténdese dar continuidade á positiva experiencia dos obradoiros de emprego “Freixo I”, “Freixo II” e “Terras de Camba I” que se desenvolveron en anos anteriores e nos que participou este concello, conxuntamente cos municipios lindeiros de Agolada e Dozón. Nesta convocatoria, ao igual ca do ano anterior, o noso concello actuará como entidade promotora, representando ás tres entidades locais participantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención económica, por importe total de CATROCENTOS CORENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (445.576,00 €), para a realización do obradoiro dual de emprego denominado “*Terras de Camba II*”, conxuntamente cos concellos de Dozón e Agolada.

Segundo.- Aprobar o proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “*Terras de Camba II*”, que inclúe as especialidades formativas de albanería e forestal.

Terceiro.- Aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego “*Terras de Camba II*” entres os concellos de Rodeiro, Agolada e Dozón.

Cuarto.- Asumir, de conformidade co convenio de colaboración asinado, a condición de entidade promotora.

Quinto.- Solicitar a inclusión, dentro das actuacións a levar a cabo polo obradoiro de emprego, das seguintes obras e/ou servizos:

Denominación da obra e/ou servizo: Acondicionamento de fontes lavadoiros, reconstrución de muro de pedra, adecuación de locais sociais e acondicionamento de palcos de música

- Local social de San Martiño.
- Local social de Carboentes.
- Local social de Negrelos e palco da música.
- Fonte de Aboldrón.
- Local social de Guillar.
- Casa Escola de Pedroso.
- Instalación de abastecemento de auga de Rodeiro.
- Fonte Lavadoiro de Ourín.
- Fonte Lavadoiro de Barrio.
- Fonte de Couso.

Denominación da obra e/ou servizo: Acondicionamento de áreas recreativas

- Camiño Real Rodeiro-A Pallota.
- Parque do Río.
- Ruta dos muíños e das idades da historia.

Sexto- Comprometerse a levar a cabo as actuacións que se conteñen na memoria-proxecto, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sétimo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Oitavo.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados imputables a este ente local con cargo aos orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Noveno.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local e dos concellos asociados, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICOS/AS EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

De conformidade co establecido nas Base sétima do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 10 de decembro do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous (2) postos de traballo de técnicos/as en educación infantil para o Punto de Atención á Infancia (PAI), ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Raquel Blanco Valladares, mestra-directora do PAI.
Inés Vence Lamas, mestra do PAI.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

6.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNA NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación da seguinte alumna en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNA	Lara Gil Vázquez
DNI	██████████
ESTUDOS	Educación infantil
CENTRO	EFAG El Piñeiral de Arzúa (A Coruña)
NÚMERO DE HORAS	100
DATA DE INICIO	19/01/2026
DATA FINALIZACIÓN	06/02/2026
DEPARTAMENTO	Servizos Sociais
DEPENDENCIA	Punto de Atención á Infancia (PAI)
COORDINADORA	Raquel Blanco Valladares, mestra-directora do PAI

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e a alumna non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as contingencias legalmente esixibles.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

7.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. XII XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS – EDICIÓN DE OUTONO”

A concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade Dona Xulia Dacal Juiz, traslada para coñecemento deste órgano os resultados do concurso da iniciativa “Rodeiro de tapas. XII xornadas de promoción da caza e dos produtos locais – Edición de outono”, co seguinte resultado:

Premios do público (reconto efectuado en data 04/12/25)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

	Locais	Nº papéilas con 1 punto	puntos	Nº papéilas con 2 puntos	Puntos	Nº papéilas con 3 puntos	Puntos	Nº papéilas con 4 puntos	Puntos	Nº papéilas con 5 puntos	Puntos	Total Papéilas	puntos	Coefficiente
1.	Casa Sánchez "Xeración X"	0	0	0	0	0	0	10	40	242	1210	252	1250	4,900
2.	Misantiro "Sabor de outono"	2	2	0	0	9	27	25	100	61	305	97	434	4,474
3.	Casa Achacán "Estrela de outono"	3	3	4	8	11	33	32	128	122	610	172	782	4,548
4.	Gastrobar Desito "Outono injectado"	0	0	5	10	12	36	49	196	221	1105	287	1347	4,693
5.	Brunas e conxas "Bergueda"	1	1	11	22	33	99	32	128	51	255	128	505	3,945
6.	Elbar Certo "O outono en dous sabores"	4	4	11	22	34	102	56	224	73	365	178	717	4,028

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	CASA SÁNCHEZ	XERACIÓN X
SEGUNDO	GASTROBAR DESITO	OTOÑO INYECTADO
TERCEIRO	CASAACHACÁN	ESTRELA DE OUTONO

8.- ACORDO DE GASTO

— José Manuel Lameiro Labandeira

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 3 de novembro do corrente, como consecuencia da execución de labores de desbroce por parte de traballadores municipais na praza de Oseira do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, producíronse danos nun vehículo alí estacionado con matrícula 2243GHR, propiedade de Don JOSÉ MANUEL

LAMEIRO LABANDEIRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro. O Concello realizou o correspondente parte de sinistro ante a compañía aseguradora municipal MAPFRE ESPAÑA S.A. Os danos valoráronse na cantidade de 624,34 €, IVE incluído, segundo factura de reparación achegada, sendo abonada pola aseguradora a cantidade de 324,34 €; e correspondendo ao Concello asumir o importe da franquía contratada na póliza en vigor que ascende á cantidade de 300,00 € por sinistro.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar un gasto por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) a favor do propietario do vehículo danado en concepto de abono da franquía contratada, con cargo á partida 920/226 do orzamento en vigor.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DE PONTEVEDRA 484,00 €

Por consignación de taxación de costas practicada nos autos de Procedemento Abreviado núm. [REDACTED] s/decreto.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)